

## **Lei 4/1989, do 21 de abril, de creación do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais**

### Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 297, do 28.9.1988.

Emendas, BOPG núm. 310, do 2.11.1988.

Debate de totalidade, DSPG núm. 104, do 15.11.1988.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 342, do 21.2.1989.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 348, do 10.3.1989.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 348, do 10.3.1989.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 117, do 29.3.1989.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 364, do 13.4.1989.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 88, do 9.5.1989.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 149, do 23.6.1989.

## **Lei 4/1989, do 21 de abril, de creación do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais**

Esta lei foi derrogada pola lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais

De acordo co previsto no artigo 27.19 do Estatuto de Autonomía para Galicia en relación co artigo 148.1.17.º da Constitución, o fomento da cultura é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia.

Como consecuencia das previsións constitucional e estatutaria, as funcións e os servicios que a Administración Central viña prestando en materia de fomento da cultura fóronlle transferidos á Xunta polo Real Decreto 2434/1982, do 24 de xullo.

Pois ben, o exercicio adecuado das competencias da Comunidade Autónoma Galega en materia de teatro, danza e música demanda a creación dunha entidade que permita acadar unha xestión áxil e eficaz naqueles eidos.

A este respecto, débense rexeitalas alternativas de que tales funcións as cumpra un órgano incardinado na estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deportes ou ben un servizo propio non personalizado, xa que en ámbolos dous casos non se acadaría a axilidade que se pretende na xestión.

Así as cousas, as opcións formuladas serían ou ben constituír un organismo autónomo de carácter comercial ou ben unha entidade de Dereito Público sometida ó rexime do Dereito Privado, posibilidades, ambas, que se recollen nos artigos 6 e 7 da Lei 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia.

As especiais características que concorren no servizo público de promoción cultural nos eidos do teatro, da danza e da música aconsellan a creación dun organismo que estando baixo o control dos órganos centrais da Administración Autónoma, especialmente no que fai ó aspecto da fiscalización da súa actividade económica e financeira, permita nembargantes unha grande axilidade na xestión administrativa e, se é o caso, comercial, particularmente no que atinxe ás relacións xurídicas externas, xa que esa é precisamente a necesidade que demanda a dinamicidade propia do mundo cultural. Neste senso, a forma xurídica que máis lle convén a este novote que se pretende crear é a propia dun organismo autónomo de carácter comercial, de acordo coa

regulación contida na Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia.

En consecuencia, é conveniente a creación dun Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, a través do cal poida vertebrarse a promoción e a expansión das distintas actividades que lles dean satisfacción ás necesidades e ás inquiredanzas culturais e artísticas da Comunidade Galega.

De acordo co previsto no artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e 24 da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, sancionado e promulgo, no nome de El-Rei, a Lei de creación do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.

#### Artigo 1

1. Créase no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.

2. Este Instituto queda adscrito á Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia.

#### Título I

##### Natureza e rexime xurídico

#### Artigo 2

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais constitúese nun organismo autónomo de carácter comercial dos comprendidos no artigo 6.1.b) da Lei de Xes-

tión Económica e Financeira Pública de Galicia, con personalidade xurídica propia, con autonomía económica e administrativa e con plena capacidade de obrar para a realización dos seus fins e para a xestión do seu patrimonio de acordo coa presente Lei e coa lexislación autonómica e estatal que lle sexa aplicable.

#### Artigo 3

1. O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais poderá realizar cantas actividades comerciais e industriais requira o logro dos seus obxectivos, mesmo mediante a promoción ou participación noutros negocios, sociedades ou empresas.

2. A participación do Instituto en consorcios e sociedades mercantís deberá ser autorizada polo Consello da Xunta de Galicia.

#### Artigo 4

1. Os actos de xestión ou de disposición realizados por este Instituto e sometidos ó rexime de Dereito Privado serán susceptibles de impugnación ante a xurisdicción ordinaria, de acordo coas normas e cos procedementos vixentes.

2. Os actos do mesmo Instituto sometidos ó Dereito Administrativo poderán ser impugnados mediante os recursos previstos na Lei de Procedemento Administrativo. O recurso de alzada será resolto polo Conselleiro de Cultura e Deportes.

## Artigo 5

O persoal deste Instituto ten, con carácter xeral, a condición de persoal contratado e réxese polas normas do Dereito Laboral, segundo o disposto pola Lei da Función Pública de Galicia. Igualmente, poderase incorporar ó mesmo persoal funcionario de carreira na situación administrativa de servizo activo.

## Título II

### Rexime económico e financeiro

## Artigo 6

Para cumprir-las seus fins e desempeña-las funcións que lle son propias, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais contará cos seguintes recursos:

a) As dotacións económicas que se lle consignen nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Os bens mobles e inmobles e as instalacións que para o cumprimento dos seus fins lle sexan adscritos pola Xunta de Galicia, e aqueles que formen parte do seu patrimonio.

c) Os produtos e as rendas do seu patrimonio.

d) Os ingresos derivados da produción, distribución e exhibición dos espectáculos ou concertos realizados en exclusiva polo Instituto

ou en colaboración con outros organismos públicos, entidades privadas ou persoas físicas.

e) As subvencións, aportacións voluntarias ou doacións que sexan outorgadas ó seu favor por institucións, entidades ou particulares.

f) Calquera outro recurso que se puidese xerar e se lle puidese atribuír.

## Artigo 7

1. A elaboración, aprobación, contido e estrutura do seu presuposto de explotación e capital, así como o control da súa actividade económica e financeira, e o rexime da súa contabilidade, rexeranse polo disposto na Lei 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, e na correspondente normativa presupostaria en vigor.

2. A fiscalización das actividades económicas e financeiras será exercida polo Interventor Delegado da Consellería de Cultura e Deportes.

## Título III

### Ámbito competencial e funcións

## Artigo 8

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais ten por obxecto o desenvolvemento da política cultural en relación coa produción, promoción e difusión

das actividades do teatro, da danza e da música.

#### Artigo 9

En consonancia cos seus obxectivos o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais exercerá as seguintes funcións:

a) Programar, realizar e producir espectáculos de tipo teatral, coreográficos e musicais.

b) Organiza-la súa distribución e exhibición e impulsa-la súa difusión tanto en Galicia coma fóra dela, en especial naqueles núcleos de emigración galega de fonda tradición, coa finalidade de manter e facer medra-los vínculos culturais.

c) Potenciar e incentiva-la actividade empresarial nos eidos das artes escénicas e musicais, coa realización para estes efectos de coproduccións ou celebración de convenios e concertos con empresas artísticas de carácter profesional.

d) Contribuír á formación técnica e artística daqueles que se dediquen dun xeito profesional, ou cando menos habitualmente, ás actividades teatrais, coreográficas e musicais.

e) Programar, xestionar e administra-los centros e as unidades de produción, formación, arquivo, información e investigación teatral, coreográfica e musical dependentes da Xunta de Galicia.

f) Diseñar e desenvolver unha infraestrutura e uns equipamen-

tos técnicos de interese para as actividades da súa competencia.

g) Concluir e manter actualizado o inventario e a catalogación do patrimonio escénico e musical galego, así como informar permanentemente do mesmo.

h) Celebrar convenios e concertos con institucións públicas e privadas, para levar a cabo as tarefas da súa competencia.

i) Realizar accións de fomento e difusión das artes escénicas e musicais.

l) Calquera outra iniciativa e acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen.

### Título IV

#### Estructura de goberno

#### Artigo 10

Son órganos rectores do Instituto:

a) O Presidente.

b) O Consello Rector.

c) O Director Xerente.<sup>(1)</sup>

#### Artigo 11

O Consello da Xunta de Galicia, por proposta do Conselleiro de Cultura e Deportes, nomeará e dis-

---

(1) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 10 foi modificado polo artigo único da Lei 2/1991.

poñerá o cesamento do Presidente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. O Presidente ostentará, á súa vez, a Presidencia do Consello Rector.

#### Artigo 12

1. O Consello Rector é o órgano de goberno do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e correspóndenlle con carácter xeral as facultades de dirección, control e supervisión do mesmo.

2. O Consello Rector estará formado polo Presidente do Instituto e ademais polo Vicepresidente, que será o Director Xeral de Cultura, e polos vocais.

3. Serán vocais natos: o Secretario Xeral Técnico da Consellería de Cultura e Deportes e mailo Director Xerente do Instituto.

4. Serán vocais designados:

a) Un representante da Consellería de Cultura e Deportes, designado polo seu titular.

b) Catro membros designados pola Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura, do Parlamento de Galicia entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito do teatro, a música e a danza.

c) Un membro designado polo Consello da Cultura Galega.

Os membros sinalados nos apartados b) e c) terán un mandato non superior ó da lexislatura na que fosen nomeados e poderán ser reelixidos.

5. O Consello Rector designará de entre os seus membros ó Secretario do mesmo e dispoñerá o seu cesamento, por proposta do Presidente.<sup>(2)</sup>

#### Artigo 13

O Presidente, oído o Consello Rector, nomeará e dispoñerá o cesamento do Director Xerente do Instituto, que é o órgano executivo do mesmo.<sup>(3)</sup>

#### Artigo 14

O Presidente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais terá as seguintes atribucións:

a) Ostenta-la representación do Instituto e exerce-la inspección sobre o funcionamento do mesmo.

b) Convoca-las reunións do Consello Rector, sinalando o lugar, o día e a hora da celebración e achegando a orde do día. As convocatorias deberán facerse por escrito e con quince días de antelación como mínimo, agás os casos de urxencia.

c) Presidir e dirixi-las deliberacións do Consello Rector.

d) Actuar como órgano de contratación do Instituto, dentro da normativa vixente e de acordo co

---

(2) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 12 foi modificado polo artigo único da Lei 2/1991.

(3) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 13 foi modificado polo artigo único da Lei 2/1991.

plan de actividades aprobado polo Consello Rector.

e) Calquera outra que regulamentariamente lle sexa atribuída, agás as reservadas ó Consello Rector.<sup>(4)</sup>

#### Artigo 15

Correspóndenlle ó Consello Rector as seguintes funcións:

a) Aproba-lo proxecto de Estatutos e as normas de rexime interior do Instituto e, se é o caso, dos centros e das unidades adscritos ó mesmo.

b) Aproba-lo anteproxecto de presupostos de explotación e de capital do Instituto.

c) Aproba-lo plan anual de actividades e a súa memoria explicativa.

d) Aproba-la memoria anual sobre actuación e xestión do Instituto.

e) Segui-la execución do presuposto de explotación do capital e do plan anual de actividades.

f) Aproba-los cadros de persoal e o rexime retributivo do persoal do Instituto, de acordo coas previsións presupostarias.

g) Aproba-los convenios e concertos con outros organismos ou entidades públicas ou privadas que fosen necesarios para o cum-

primento dos obxectivos do Instituto.<sup>(5)</sup>

#### Artigo 16

1. O Consello Rector reunirase en sesión ordinaria non menos de dúas veces ó ano. Poderanse convocar reunións do Consello en sesión extraordinaria, por iniciativa do propio Presidente ou ben a pedimento do Director Xerente do Instituto, ou a través da solicitude motivada presentada pola metade máis un, cando menos, dos membros do Consello.

2. O Consello entenderase validamente constituído cando estea presente, como mínimo, a metade máis un dos seus membros. Os acordos adoptaranse por maioría simple e, en caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.

3. Tódolos membros do Consello asistirán ás súas reunións con voz e con voto. Non se admitirán as delegacións de voto.

4. Os acordos do Consello consignaranse no libro de actas, coa sinatura do Presidente e do Secretario.

#### Artigo 17

Correspóndenlle ó Director Xerente do Instituto as seguintes atribucións:

---

(4) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 14 foi modificado polo artigo único da Lei 2/1991.

---

(5) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 15 foi modificado polo artigo único da Lei 2/1991.

a) Dirixi-la actuación do Instituto executando os seus presupostos e o seu plan anual de actividades, de conformidade cos criterios aprobados polo Consello Rector.

b) Dirixi-lo persoal do Instituto.

c) Impulsar, orientar, coordinar e inspecciona-los servizos, centros e unidades do Instituto e dicta-las disposicións, instrucións e circulares relativas ó funcionamento dos mesmos.

d) Elabora-lo plan anual de actividades e a súa memoria explicativa, a memoria anual sobre actuación e xestión do Instituto e o anteproxecto dos presupostos da entidade.

e) Autoriza-los pagamentos e gastos do Instituto e dos centros e unidades de produción, dentro da normativa vixente.

f) Propoñerlle ó Consello Rector o nomeamento, de acordo cos criterios de profesionalidade, mérito e capacidade, do persoal directivo do Instituto.

g) Comparecer en xuízo e en toda clase de actuacións, conferíndoselle para o efecto os oportunos apoderamentos.

h) Executa-los acordos do Consello Rector e exercita-las funcións que este lle delegue.<sup>(6)</sup>

---

(6) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 17 foi modificado polo artigo único da Lei 2/1991.

## Título V

### Estructura orgánica básica

#### Artigo 18

1. Dependendo directamente do Director Xerente existirán as seguintes áreas, que constitúen a estrutura básica do Instituto:

a) Departamento de Artes Escénicas.

b) Departamento de Artes Musicais.

c) Departamento de Persoal e de Xestión Económico-Administrativa.

2. Tamén estarán adscritas ó Director Xerente as seguintes unidades e centros de produción:

a) Centro Dramático Galego.

b) Xove Orquestra de Galicia.

c) Calquera outra que a realidade artística do país reclame e o Consello Rector cree.

#### Artigo 19

A organización, as funcións e o rexime interno dos diferentes departamentos, unidades e centros de produción que integran o Instituto rexeranse polo establecido nos seus Estatutos e nas demais normas complementarias.

#### Disposición adicional

Estímulo a outras actividades do espectáculo.

Ó amparo do disposto no apartado 1) do artigo 9, e no 2.c) do artigo 18 desta Lei, a Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, prestaralle atención a calquera iniciativa que no ámbito das actividades do espectáculo puidese xurdir e ser merecente de fomento e apoio, así como tamén a calquera outra xa existente, non contemplada expresamente nesta Lei.

#### Disposición transitoria primeira

Autorízase á Consellería de Economía e Facenda para que dote presupostariamente ó Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais con créditos adscritos á Consellería de Cultura e Deportes, todo iso sen prexuício dos restantes recursos económicos que a presente Lei lle reconece á dita entidade.

#### Disposición transitoria segunda

O Centro Dramático Galego e maila Xove Orquestra de Galicia adscribiranse, con efectos do exercicio presupostario de 1989, ó Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.

#### Disposición transitoria terceira

Ata que se aprobe por Decreto da Xunta de Galicia o cadro de

persoal do Instituto constituído pola presente Lei, o Conselleiro de Cultura e Deportes poderá adscribir ó mesmo o persoal necesario para o desenvolvemento das súas funcións.

#### Disposición transitoria cuarta

Logo da entrada en vigor desta Lei, o Consello da Xunta reestruturará a Dirección Xeral de Cultura, suprimindo ou refundindo as unidades afectadas polas competencias e funcións que asume o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.

#### Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó disposto na presente Lei.

#### Disposición derradeira

O Consello da Xunta de Galicia e a Consellería de Cultura e Deportes, no ámbito das súas competencias, adoptarán cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento da presente Lei.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 1989

Fernando Ignacio González Laxe  
Presidente